EXERCICIOS PARA ENVIAR Á TITORA

UNIDADE 1. 4ª QUINCENA

1. COMENTARIO DE TEXTO: GALICIA EN TEMPOS DE FERNANDO VII

Normas básicas para facer un comentario de texto:

1. Atenta **lectura** do documento para coñecer o asunto xeral do que trata o texto e ordenar as ideas que contén. É útil subliñar palabras ou frases para distinguir as ideas esenciais das secundarias.
2. **Contextualización histórica**: que pasaba nese momento? Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico, etc. Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.
3. **Análise dos contidos**: que quere dicir este texto? Haberá que seleccionar as ideas máis importantes, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das ideas secundarias. Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc., que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.
4. Que sei eu deste tema? **Relacionar** o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.
5. **Conclusión**: que importancia tivo este feito na súa época? É recomendable rematar cunha conclusión ou valoración global, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade
6.- O comentario debe reflectir o grao de madurez expresiva, polo que se terán en conta as normas de expresión escrita, como a precisión léxica, a corrección da sintaxe ou a claridade da expresión. Finalmente cómpre lembrar que non debe ser moi extenso, a precisión redunda en beneficio da claridade.

Obxectivos de Porlier

" Españois:(...) Obrigados pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar a oídos do rei, que está como encadeado polos seus conselleiros (...) tomamos a terrible, pero indispensable resolución de esixir coas armas o que de grao refusóusenos. O noso obxecto, como o de todos os españois, non é outro que o establecemento da monarquía baixo leis sabias que ao tempo que afiancen as prerrogativas do rei, aseguren os nosos dereitos. Nós queremos a convocatoria dunhas Cortes nomeadas polos pobos, os cales poderán facer na Constitución que proclamaron as Cortes extraordinarias aquelas variacións que pida a nosa situación e que a experiencia nos ensinara e que esixan as Constitucións das monarquías moderadas en Europa (...). Firmes no noso propósito non deixaremos as armas (de necesitarmos delas) até conseguilo; e así como estreitaremos nos nosos brazos a todo español que queira reunirse baixo as bandeiras da patria, así perseguiremos a morte aos que sen amor á nación e inimigos do seu rei, prefiren deixar a este entregado a viles conselleiros antes que ir sacalo dos seus brazos e desenganalo dos seus enganosos consellos.

J. D. Porlier, *Manifesto que dirixe á Nación Española* (setembro de 1815) (traducido ao galego)

RESPOSTAS

1. COMENTARIO DE TEXTO: GALICIA EN TEMPOS DE FERNANDO VII

Estamos ante unha proclama, un manifesto escrito por militar, Porlier, en que expón as súas razóns para sublevarse e busca o apoio da poboación ao seu levantamento armado. As motivacións que o levan a levantarse é reclamar a fin do absolutismo, para conducir a España pola senda dos principios liberais.

Este documento está datado no ano 1815. Un ano antes, o rei Fernando VII volvera do seu exilio, asumindo o poder e reinstaurando o absolutismo en España. Púñase fin, deste xeito, á labor das Cortes de Cádiz e ao sistema de Xuntas cos que se gobernara o conxunto dos territorios españois, despois da creba das institucións políticas estatais que se producira tralos acordos de cesión do rei a Napoleón no 1808 e a conseguinte invasión francesa da península.

A sublevación militar de Porlier é un dos primeiros exemplos do importante peso que este tipo de levantamento vai ter na vida política española en todo o s. XIX e no primeiro terzo do s. XX, e que se deu en chamar pronunciamento. Neste caso concreto, o goberno absolutista de Fernando VII impedía toda posibilidade de renovación e de intervención política, reprimindo e perseguindo calquera intento de disidencia, polo que o único recurso que ficaba para quen defendían as ideas liberais era un golpe militar. Por outra banda, a febleza dos grupos sociais máis próximos ás ideas liberais, fundamentalmente a burguesía, ía facer do recurso á figuras militares destacadas, coma é o caso de Porlier, e do exército, o único xeito viable para facer triunfar as ideas e proxectos do liberalismo.

O pronunciamento, que xorde como un método de oposición ao absolutismo, para garantir a participación política alternativa, e que se mostra nesta tentativa frustrada de Porlier, ou nunha posterior en Santiago en 1817, ou na exitosa de 1820 que conduciu ao período do Trienio Liberal, foi unha práctica continuada no período posterior, cando a monarquía liberal xa estaba consolidada, como única vía de que o progresismo accedese ao poder, fronte ao monopolio exercido polos moderados e a nula capacidade de alternancia política do sistema político. Así teremos os pronunciamentos de 1849, 1843, 1854 ou 1868, cando se inicie o Sexenio Revolucionario.

Porlier non pretende unha revolución. Como ben indica, o que pretende é que a monarquía abandone o absolutismo e camiñe pola senda liberal (*O noso obxecto,(...) non é outro que o establecemento da monarquía baixo leis sabias que ao tempo que afiancen as prerrogativas do rei, aseguren os nosos dereitos*). Mostra tamén que se inspiran nas ideas liberais chegadas de Francia, que xa estiveran detrás da obra das cortes gaditanas e coas que estaban en contacto todos os liberais españois exiliados despois da restauración do absolutismo. Así, fronte á acumulación de poder e o seu uso arbitrario por parte do monarca absoluto, defende a existencia dunha Constitución e a convocatoria e elección dunhas Cortes, co que claramente está a defender os principios liberais da soberanía popular.

Fernando VII, "O Desexado", reinstaurara o absolutismo en España. Mais os acontecementos vividos durante a ocupación francesa e guerra de liberación se ben non conseguiron consolidar a creación dun Estado liberal en España, mais iniciaron uns cambios que impediron a volta ao Antigo Réxime. Malia todos os intentos de restauración absolutista, da eliminación da lexislación liberal, da persecución dos seus impulsores e apoios sociais, o xerme das transformacións xa estaba introducido en España. E o pronunciamento de Porlier é unha boa proba. O seu fracaso e a posterior intervención

francesa que puxo fin ao Trienio Liberal, unido ao reforzo das medidas represoras por parte do monarca no período de 1823-1833, non conseguiron frear a consolidación do réxime liberal en España.

A consolidación do Estado liberal en España foi, pois, un proceso longo que se desenvolveu durante os dous primeiros terzos do s. XIX. A labor lexislativa das Cortes de Cádiz puxo fin, de modo teórico, a toda a estrutura política, económica e social do Antigo Réxime, afirmando os principios políticos da Revolución Francesa, modificando as estruturas de propiedade da terra, piar da economía, e acabando coa división estamental da sociedade. Mais esta labor lexislativa teórica careceu de aplicación porque non foi acompañada dunha revolución social. Os grupos privilexiados do Antigo Réxime seguiron conservando o seu poder e os seus recursos económicos e non atoparon moita dificultade en restablecer o absolutismo coa chegada de Fernando VII. O liberalismo carecía nestes momentos dos suficientes apoios socias para se poder impor. É a febleza dos sectores sociais que apoian ao liberalismo os que explican o protagonismo de militares coma Porlier. Só a través das armas poderase defender o modelo liberal. A Guerra Carlista, unha verdadeira guerra civil que se librará trala morte do rei Fernando entre os seguidores do seu irmán Carlos, partidarios do absolutismo, e da rexente María Cristina, partidarios dun Estado liberal, reafirmará a influencia e poder do exército, que para os liberais será o único garante da conservación do sistema.